

Eugenio Montero Ríos

*(Santiago de Compostela, 13 de novembro de 1832 -
Madrid, 12 de maio de 1914)*

*Foi político e xurista. Comezou a súa participación na
política dentro do Partido Progresista.*

*Estudou na Universidade de Santiago de Compostela e foi
Catedrático de Dereito Canónico polas universidades de Oviedo
(1859), Santiago de Compostela (1860) e Madrid. Fundou o
periódico de ideas avanzadas, "La Opinión Pública", portavoz de*



Estatua de Montero Ríos na Praza de
Mazarelos. Santiago de Compostela

*Antonio Romero Ortiz,
un dos participantes no
levantamento do
comandante Solís de
1846 en Lugo.*

*Tras a
Revolución de 1868, foi
deputado nas Cortes
constituíntes de 1869
polos progresistas, pola
provincia de
Pontevedra, e
participou no goberno*

de Juan Prim en 1870 como Ministro de Gracia e Xustiza. Partidario da separación entre Igrexa e Estado, introduciu como importantes novidades a lei de rexistro civil e do matrimonio civil.

Durante o conflito da pesca de finais do século XIX, daquela moi influínte en Madrid, axudou aos mariñeiros de Cangas na defensa da arte do xeito, sendo un grande apoio para Eugenio Sequeiros Matos, que encabezaba a loita.



A Rúa Montero Ríos, antes chamada da Marina, está na fronte marítima, diante do que antes era o porto pesqueiro.